

FORMACIÓN EN LIÑA

RÍAS SOSTIBLES



Sesión 1: A problemática das augas residuais



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo
e de Pesca (FEMP)

A CONTAMINACIÓN DA AUGA E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO LIXO MARIÑO

- O consumo de auga e o tratamento que facemos dela, xera **augas residuais** que son **moi prexudiciais para a natureza**. É preciso facer un tratamento destas augas contaminadas para evitar o vertido de residuos antes de devolvelas ao medio.

-A pesar do labor de depurado destes residuos, podemos atopar nas augas nas que traballas moitos micro-plásticos que permanecen no medio natural.

É por isto que é importante coñecer estes residuos e o impacto que teñen para tratar de evitar que cheguen aos nosos ríos e mares

MARES DE PLÁSTICO

Cada peza de plástico que usamos durante a nosa vida aínda permanece no planeta. Iso significa que como os diamantes, os plásticos, SON PARA SEMPREL. Moitos destes plásticos rematan diariamente nos océanos de todo o mundo. Pero, por que son tan prexudiciais?

A industria do plástico emprega substancias moi tóxicas

moito deste plástico remata nos océanos...

o plástico e as substancias tóxicas tamén rematan nos nosos pratos

e descomponse en anacos moi pequenos que crean o **plancton plástico**

A fauna mariña aliméntase deste plancton

O plástico é o lixo máis abundante nos océanos

O 20% dos plásticos vén dos barcos e o 80% vén da terra

100.000 mamíferos mariños morren cada ano debido á contaminación de plástico

Un millón de aves morre cada ano pola contaminación de plástico

Existen grandes illas de plástico nos océanos de todo o mundo. A do Pacífico ten unha superficie de 1.400.000 km²

QUE SE PODE FACER?

BOLSAS DE PLÁSTICO
Usa bolsas de tea ou outros reutilizables

BOTELLAS DE AUGA
Utiliza cantimploras

PALLIÑAS
Non as necesitas

UTENSILIOS (PRATOS, VASOS, GARFOS,...)
Usaos de metal

APARELLOS ELECTRÓNICOS
Repáraos cando sexa posible e, se non, lévao ao punto limpo

ROUPA
Utiliza materiais naturais como o algodón fronte as fibras sintéticas


EMBALAXES
Compra a granel. Elixe produtos sen embalaxe ou co mínimo. Elixe o vidro fronte ao plástico

www.adeqa.gal

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEM)

A CONTAMINACIÓN DA AUGA E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO LIXO MARIÑO



[Clicando aquí](#) podes descargar o informe que a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e Agricultura publicou en 2019 falando da problemática dos microplásticos e o seu **impacto na pesca e a acuicultura**

[Aquí](#) podes revisar o documento que xurdiu do grupo de traballo desenvolto no abeiro do Congreso Nacional de Medio Ambiente de 2016



VISITA VIRTUAL A UNHA DEPURADORA

Premendo na imaxe atoparás un vídeo no podes ver o proceso ao que hai que someter a auga contaminada nunha EDAR (Estación Depurada de Augas Residuais).



VISITA VIRTUAL A UNHA DEPURADORA

Agora veremos como é o ciclo urbano da auga no caso galego cun vídeo de Augas de Galicia onde se amosa o **funcionamento en termos de consumo e depuración**. Preme na imaxe para acceder a el.



Na páxina web de Augas de Galicia ([dispoñible aquí](#)) podes coñecer máis información sobre o proceso que se leva a cabo nas súas estacións.

PROCESOS E NECESIDADES DE DEPURACIÓN: O IMPACTO DE CADA FRACCIÓN NO LIXO MARIÑO



Para coñecer as necesidades de depuración das augas residuais que xeramos é importante coñecer as distintas fases de depuración ás que teñen que ser sometidas tras o uso urbano das mesmas. No vídeo -que atoparás premendo na fotografía- explícase o impacto de cada fracción no lixo mariño.



CONTAMINACIÓN HÍDRICA. TIPOS DE CONTAMINANTES, REPERCUSIÓNS E ALTERNATIVAS



Agora que xa coñecemos o procedemento ao que son sometidas as augas antes de devolvelas ao medio, queremos incidir nas **repercusións** que teñen todas as tipoloxías de contaminantes nos recursos hídricos e o seu impacto a todos os niveis, tamén a **nivel ambiental nas augas dos nosos ríos e mares.**



Aquí tes dispoñible unha introducción á problemática do lixo mariño.

Neste documento atoparás as conclusións do CONAMA 2016, onde se explican a problemática, orixe e composición do lixo mariño, así como unha batería de medidas para reduci-lo.



PROPOSTAS PARA REDUCIR A CONTAMINACIÓN NO TREITO DOMÉSTICO DO CICLO DA AUGA

¿QUE É O LIXO MARIÑO?

Son residuos sólidos xerados polo home que, por diversas razóns, acaban abandonados en ambientes mariños ou costeiros.

SABÍAS QUE...

O lixo mariño é un problema global tan importante como o cambio climático, a acidificación oceánica ou a perda de biodiversidade.



10 millóns de toneladas de lixo chegan anualmente aos mares e océanos, sendo maioritarios os residuos de plástico.

Máis de 1 millón de aves mariñas e 100.000 mamíferos mariños e tartarugas morren cada ano por entredarse en lixo mariño ou por inxerilo.

O 80% do lixo mariño ten a súa orixe en terra. Os residuos abandonados son arrastrados polo vento e a chuvia aínda que vivas a moitos quilómetros terra adentro. O que botamos no inodoro pode rematar no mar formando parte do lixo mariño.

O 20% do lixo mariño é resultado de actividades no mar como a pesca ou o transporte marítimo



A solución principal reside en **prever que acontece** e non só en limpar. Os custos de limpar as praias e os océanos asumímolos todos e non se poderán destinar a outras necesidades.

PARTICIPAN:

Decálogo feito polo Grupo de Traballo de Lixo Mariño do CONAMA 2016

Decálogo Cidadán contra o lixo mariño



Ti formas parte da natureza,
na terra deixa só as túas pegadas e no mar o teu ronsel.

PROPOSTAS PARA REDUCIR A CONTAMINACIÓN NO TREITO DOMÉSTICO DO CICLO DA AUGA

¿QUÉ PODES FACER?

1.
Pensa globalmente, actúa localmente e asume a túa responsabilidade.
O noso comportamento é fundamental para previr o problema do lixo mariño.



2.
Deposita os produtos hixiénicos na papeleira, nunca no inodoro

Os bastonetes, toallíñas, compresas e similares causan danos e avarías na rede de saneamento e poden rematar no mar, causando graves problemas ambientais e ategando as redes dos pescadores.



3.
Se che gusta pescar, sé coidadoso cos teu aparellos
Se caen ao mar, os animais mariños poden quedar atrapados entre cabos e sedelas ou inxerir os anzóis.



4.
Consume de xeito responsable. Infórmate e decide.



5.
Aplica nos teus hábitos de consumo a **regra das 3R**
- **reduce, reutiliza e recicla** -
e estarás contribuíndo a minimizar o lixo mariño, que en moitas ocasións ten a súa orixe no teu domicilio.



6.
Goza da natureza con responsabilidade
Non abandones as túas cabichas, envoltorios ou calquera outro lixo na praia, nos ríos ou no mar.
Ten sempre previsto o lugar onde os vas depositar.



7.
Únete á ciencia cidadá
Para previr é preciso coñecer, e todos podemos contribuír a saber máis sobre o lixo mariño de xeito sinxelo.
Ser un cidadán científico é axudar a coñecer mellor a cantidade, os tipos e as zonas de acumulación do lixo mariño.
Infórmate a través da Asociación Española de Lixo Mariño.

www.aebam.org



8.
Podes recoller algúns residuos que atopes nos teus paseos pola costa ou unirse ás campañas locais de limpeza.



9.
Educa aos nenos e xoves no respecto á natureza e, co teu exemplo, inflúe nos teus amigos e compañeiros para evitar o abandono de residuos.



10.
Cando navegues, non botes os teus residuos á auga
Recólleos e, ao volver ao porto, deposítaos onde corresponda.




PROPOSTAS PARA REDUCIR A CONTAMINACIÓN NO TREITO DOMÉSTICO DO CICLO DA AUGA



Ademáis destas recomendacións cidadás, aquí atoparás unha Guía de Boas Prácticas para evitar a chegada do lixo ao mar

PROPOSTAS PARA REDUCIR A CONTAMINACIÓN NO TREITO DOMÉSTICO DO CICLO DA AUGA

MARNOBA traballou nun **Protocolo de caracterización e xestión do lixo mariño nas praias españolas** que podes revisar [aquí](#).



PROPOSTAS PARA REDUCIR A CONTAMINACIÓN NO TREITO DOMÉSTICO DO CICLO DA AUGA

Para rematar, deixásmote un díptico elaborado por ADEGA no que se recollen algúns **consellos para a redución do lixo nas nosas praias**. Podes acceder a el [aquí](#).





GRAZAS POLA TÚA ATENCIÓN!



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Unión Europea

Fondo Europeo Marítimo
e de Pesca (FEMP)